



ANUNCIO

Con data 19 de outubro 2017 o Sr. Alcalde-Presidente ditou resolución, que se transcribe:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

*Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma, en base ao recollido nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 35.2 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, esta Alcaldía, **RESOLVE:***

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno local aos seguintes concelleiros/as:

- Carlos Vázquez Padin.
- Antonio Castro Negro.
- Milagros González Monteiro.
- María Jesús da Silva Fernández.
- Eduardo Freiría Martínez.
- Estrella Carmen Muradas Maceira.

SEGUNDO.- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar os **venres, cada quince días, ás 9:00 horas** no Salón de Concelleiros desta Casa Consistorial.

TERCEIRO.- Corresponden á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas funcións, as seguintes competencias que se delegan:

1º.- O outorgamento de todas as licencias urbanísticas, que deban concederse con carácter previo, de acordo co previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia.

2º.- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

3º.- As competencias que en materia de contratación veñen atribuídas ao Alcalde na Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público.

4º.- O recoñecemento das obrigas económicas derivadas da prestación de bens e servizos que foran recibidas no servizo de Intervención.

5º.- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados en exercicio das atribucións delegadas.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

CUARTO.- *Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir dita Resolución ao Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e ao Taboleiro de Anuncios do Concello para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á firma da resolución polo Alcalde.*

QUINTO.- *Dar conta desta Resolución ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."*

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.
Documento asinado dixitalmente á marxe.

